



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

Os Tribunais obrigan á AEAT a convocar a Mesa de Vixilancia Aduaneira

Como xa sabedes, a CIG leva moito tempo denunciando en todas as instancias (na prensa, no Congreso, no Parlamento galego...etc) a situación do Servizo de Vixilancia Aduaneira, xa que é colectivo máis esquecido dentro da AEAT. Tanto é así que desde o 22 de xuño do 2006 (¡¡SÍ, HAI 4 ANOS!!!) estaba sen convocarse a mesa de negociación do Acordo Horario, cuestión que parecía non ter importancia para ninguén. Ante esa situación, e despois de intentar por todos os medios, sen éxito, que a AEAT convocase a reunión pertinente, a CIG denunciou á AEAT ante os tribunais para que, por fin, se tomara conciencia diso e se convocara a Mesa de Acordo Horario. É increíble que ningún dos sindicatos que tanto presumen defender a Vixilancia Aduaneira fosen quen de denunciar esta situación, tal e como fixemos nós, nos xulgados.

Pois ben, nos pasados días a xustiza deunos a razón, e por fin, haberá reunión da Mesa de Vixilancia Aduaneira xa que así o obriga o xuíz do Xulgado Central Contencioso-Administrativo que condena á AEAT a convocar no prazo de quince días a "Comisión Paritaria de Vixilancia, interpretación e seguimento de Horario Especial de Vixilancia Aduaneira". É realmente vergoñento tamén que a AEAT se vexa na tesitura de tratar os temas de interese de Vixilancia Aduaneira por unha sentenza xudicial, o que indica a pouca estima que teñen, tanto a Dirección da AEAT, como de Vixilancia Aduaneira, polos seus funcionarios.

Desde a CIG loitaremos para que estas reunións teñan continuidade e se vaian tratando todos os temas que están pendentes de estudo evitando as interpretacións unilaterais do Acordo que se están a facer desde Vixilancia Aduaneira.

DEMÓSTRASE, UNHA VEZ MÁIS, QUE SOMOS OS ÚNICOS QUE

DEFENDEMOS A VIXILANCIA ADUANEIRA

CIG-AEAT:

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF:981 61 68 89-EXT.:868 89//FAX 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com - WWW.CIGAEAT.COM